

**COLOQUIO**  
**«EL GRUPO BILBAO»**



# Os primeiros anos do grupo Bilbao (1996-2001)

ANA ACUÑA

*Universidade de Vigo*  
ganime@uvigo.es

*Recibido: junio de 2012 Aceptado: julio de 2012*

**Resumo:** estudo das orixes do grupo Bilbao, dos seus rexistros públicos e dos seus espazos de sociabilidade.

**Palabras clave:** grupo Bilbao, literatura galega en Madrid.

**Resumen:** estudio de los orígenes del grupo Bilbao, de sus registros públicos y de sus espacios de sociabilidad.

**Palabras clave:** grupo Bilbao, literatura gallega en Madrid.

## 1. PRESENTACIÓN

O grupo Bilbao irmandou a mocidade e a experiencia madrigalega nos últimos anos do século XX e principios do XXI. A mocidade estaba formada pola xuventude que chegara de Galicia para traballar (José Manuel Outeiro, Claudio Pato...) e/ou para estudar (Rafael Yáñez, Maite Dono...) e por algúns madrileños, alófonos no idioma galego (Susana González, Luis Luna...), que compartían distintos espazos. No seu ir e vir pola cidade tropezaron con outros galegos de máis anos que ata alí se desprazaran de rapaces (Carmen Novoa, Carme Blanco Ramos, Xavier Frías...) e con fillos de emigrantes (José Luis Garrrosa, José Galán, Celia García...), e relaciónanse cos vellos letra e terraferidos que aínda permanecen en Madrid (Borobó, Sabino Torres, Fariña Jamardo, Alejandro Finisterre, Xosé Soto...), e tamén con aqueles que foran mozos madrigalegos nos anos setenta e oitenta (Fermín Bouza, Vicente Araguas, Manuel Pereira, José Escudero, Crisanto Veiguela...).

Dúas son, na nosa opinión, as circunstancias que enmarcan a maneira de «estar» dos madrigalegos nos anos finais do século XX:

- Os novos fenómenos sociopolíticos (a creación da Casa de Galicia —delegación do goberno galego— e a representación política nacionalista do

BNG en Madrid<sup>1</sup>) que repercutirán nas relacións intergrupais. O feito de que as preocupacións máis políticas e culturais estivesen atendidas noutros espazos da emigración galega, posibilitou que as «heteroxéneas» xuntanzas resultasen «tranquilas»<sup>2</sup>.

- A grande oferta de cursos para o estudo da lingua e da cultura galegas, primeiro na Escola Oficial de Idiomas e logo no ámbito universitario (sobre todo na Universidad Complutense de Madrid), suporá un elemento de cohesión para as xeracións máis novas. Moitos destes mozos e mozas conflúen no grupo Bilbao e son coñecidos como «a Sétima» (planta onde se situaba o departamento de Filología Románica da UCM).

## 2. NACEMENTO E PRIMEIROS PASOS DO GRUPO BILBAO

As reunións do grupo Bilbao comezaron a finais de 1996 auspiciadas por Xavier Frías en comunicación con Vicente Araguas e Fermín Bouza. Xavier Frías explicábanos nunha entrevista<sup>3</sup> o seu interese:

Alá polo mes de xaneiro do 96, eu fun a unha presentación do libro de V. Araguas *O gato branco* na librería Sargadelos. Non o coñecía nin a el nin a Fermín, sabía deles por referencias porque son autores coñecidos pero eu non os coñecía persoalmente. O caso é que me interesaba e fun. Entre outras cousas recordo un detalle que naquela época andaba a buscar colaboradores para *O Espello*<sup>4</sup>, ía saír o número 1<sup>5</sup>, e quería buscar xente coñecida do mundo literario galego e incluír algún dos seus poemas. E fun por esas razóns: por coñecerlos en persoa e despois tamén por lles pedir a súa axuda. E á fin da presentación achegueime onda eles, expliqueilles quen era e o que pretendía. Eles acollérono moi ben e houbo unha certa química. O caso é que volvíñ combinar con eles e xa despois, se non me lembro mal, faláramos da posibilidade de termos unha serie de encontros periódicos e foi a partir de aí que naceu a tertulia.

Os primeiros que conformaron o grupo e o faladoiro foron os citados X. Frías, V. Araguas e F. Bouza e a eles sumáronse, co paso do tempo, coñecidos seus de dentro e fóra das fronteiras administrativas galegas (como Manuel Peireira e Crisanto Veiguela...).

Aínda que o núcleo da tertulia está formado nos seus inicios por poetas (e a súa presenza terá relevancia para o labor creativo dos madrigalegos e/ou alófo-

<sup>1</sup> Véxanse as páxinas de Beramendi (2007), especialmente a 1124 e 1125.

<sup>2</sup> Adxectivos empregados por Manuel Pereira para referirse á tertulia do grupo Bilbao.

<sup>3</sup> Mantida o 23/12/1999.

<sup>4</sup> Suplemento literario de *A freita*. *Revista da lingua e da cultura galegas de Asturias*, editada polo MDGA. Eilao (Asturias). Trala desaparición de *A freita*, Xavier Frías foi coordinador da publicación *Pontigo*. *Revista Eonaviega de Literatura*. Esta publicación estaba editada polo Colectivo de Escritores Eonaviegos Cotarelo Valledor en colaboración coa Asociación Celso Emilio Ferreiro (Acef) e viu a luz en 2000.

<sup>5</sup> Debe referirse ao número 2, pois o primeiro saíu en 1995.

nos máis novos), os non poetas (os simplemente activistas culturais ou interesados polo galego) chegaron a ser maioría. Esta deriva non foi igual de satisfactoria para todos os membros do grupo Bilbao, porque, no sentir dalgún dos asistentes, ao final eran como varios grupos.

Vicente Araguas (2000 e 2012), Xavier Frías (2007), Manuel Pereira (1999) e Rudesindo Soutelo (2004) escribiron varias crónicas sobre o grupo, deixando constancia das novas incorporacións. Reproducimos unha mostra extraída do penúltimo autor citado (Pereira 1999: 4):

Despois viñeron Crisanto Veiguela e J. M. Outeiro, un pouco máis tarde C. Pato. A convocatoria é aberta, os/as compoñentes son variables e sempre hai novas incorporacións: Ana Acuña, Alexandre Finisterre, Carmiña Novoa, Borobó, Sabino Torres, Fariña Jamardo... Diferentes procedencias, diferentes idades, uns ocasionais, outros máis constantes. Algúns, como Crisanto e Claudio, regresaron a Galicia, aínda que dalgún xeito seguen con nós.

Aos asistentes de variada idade, uns en activo (profesores, músicos, funcionarios...) e outros non, iranse sumando unha serie de estudantes, non sempre galegos, da UCM (Filoloxía, Xornalismo, Filosofía) e da EOI. Entre estes debemos indicar os nomes de Carme Blanco Ramos, José Galán, Susana González, Luis Luna, Victoria Veiguela, Rafael Yáñez e Celia García. Estamos, como noutras épocas da historia da literatura galega en Madrid, diante dun reencontro de traballadores e profesionais da anterior xeración con estudantes e traballadores dunha nova xeración que, seguindo a J. Aróstegui (2004: 131-132),

introducirá cambios, actuará como portadora de una cultura nueva, pero tal vez no la asimilará enteramente en el curso de su vida porque su mente sigue estando en la tensión entre lo recibido y lo creado. (...) La innovación juvenil carece de «proyecto» madurado. Su primera situación generacional es más bien un diálogo con el mundo al que se incorpora y una exploración de él. Cuando posee tal proyecto, se convierte ya en generación activa.

O nome do grupo débese á glorieta e á estación do metro na que se sitúa o café Comercial, que antano acollera outras tertulias<sup>6</sup>. O día de xuntanza era/é o último sábado de cada mes. O feito de ter unha única cita mensual, unido a unha gran flexibilidade horaria (a partir das 16 horas), outorga certa liberdade que posibilita a participación espontánea.

Con todo, as reunións mensuais (con tanto tempo entre unha e outra) resultaron insuficientes para os máis novos do grupo e estes xuntaranse nun lugar de relación diaria na sétima «planta» do edificio B da Facultad de Filoloxía da UCM.

<sup>6</sup> Así o testemuñan V. Araguas (2000: 2) e Xosé Soto na correspondencia electrónica coa autora deste traballo.

Ao noso entender, cinco son os fíos umbilicais que unía a estes «mozos e mozas, vellos e vellás, galegos e galego-raianos» (Loia, 1999) que se xuntaban no Comercial:

- A defensa do idioma e da cultura galega, que será, coma noutras épocas, o nexo máis forte neste grupo tan heteroxéneo. En palabras do dinamizador do grupo, Xavier Frías:

Ó principio uníanos un pouco a curiosidade, pero esa frase en castelán que di «el roce hace el cariño»... Eu creo que o noso caso é moito iso porque, en principio, tiñamos menos cousas [en común], tiñamos que eramos persoas que viviamos fóra do noso lugar de nacemento e todos tiñamos unha cultura común. Iso era o primeiro e aínda segue, iso non cabe dúbida, pero ademais diso un sentimento de aprezo e unha sensibilidade de grupo, de persoas que temos xa moito percorrido xuntos. E, ó mesmo tempo, cun obxectivo que nos fomos marcando posteriormente, eu creo que importantísimo, que é o desenvolvemento da lingua e da cultura galegas desde Madrid.

- O traballo literario e a amizade persoal, por enriba das diferenzas, segundo Manuel Pereira<sup>7</sup>:

É unha amizade de encontros en lugares literarios. A miña amizade con todos eles está marcada polo oficio literario, non está alicerzada en ningún tipo de experiencia xuvenil nin coincidencia noutros sitios universitarios, como é o caso de Fermín e Vicente que se coñecían de Santiago.

Eu creo que non somos un grupo poético no sentido programático. Simplemente somos un grupo de xente que escribimos, que estamos en Madrid e que queremos reunirnos e vernos e falar e ter un lugar de encontro. Ou sexa, desde o meu punto de vista non hai nada programático, hai coincidencias, pero hainas tamén con xente que non é do grupo nin está aquí nin é galega.

- A recuperación de (e o trato con) persoas importantes para a cultura galega e (case) descoñecidas para os novos: Borobó, Sabino Torres, Xosé Soto, Xosé Fariña Jamardo... Así nolo expresaba Vicente Araguas<sup>8</sup>:

O grupo Bilbao foi unha oportunidade marabillosa e sempre lle estarei agradecido a Xavier Frías Conde por esa movida, pola idea que tivo na presentación de *O gato branco*. Alá fomos Fermín, el e mais eu. Alí estivemos moi ben, falando, tomando un *cofee* e, por moitas razóns, foi moi importante. Grazas a el tiven a sorte de gozar de don Raimundo Domínguez os últimos anos da súa vida e de que callase con el unha boa amizade. Abondaría con iso, pero logo, á parte, coñecín moita xente importante aí. [A tertulia] Penso que recolleu, recuperou parte da cultura galega e servíume para ver que había por aquí xente nova disposta.

<sup>7</sup> Entrevista mantida o 18/12/1999 e correspondencia electrónica posterior.

<sup>8</sup> Entrevista mantida o 16/10/2003 e correspondencia electrónica posterior.

- A conciencia do seu papel como «gardadores», subalternos, da cultura galega nun medio alleo. Consonte Xavier Frías:

Creo que os que traballamos na literatura galega fóra da Galiza o noso papel aí é fundamental. Ademais cómpre non esquecer unha cousa e é que moitos dos que agora son escritores canonizados na Galiza, no mundo literario, estiveron en Madrid. Entón o único que facemos é manter vivo ese lume.

O soño de renovar e recuperar outros tempos para os madrigalegos está na decisión de Fermín Bouza ao resucitar a revista *Loia* nunha segunda xeira. A súa declaración é nítida e concluínte «o que facemos hoxe é, pola miña parte, nostalgia daquel tempo»<sup>9</sup>.

Como xa apuntamos, posto que existe representación política galega en Madrid, os membros do grupo Bilbao non manifestan, explicitamente, un ideal político conxunto, en cambio comparten un interese literario e cultural. Úneos o interese pola lingua e a cultura e a posibilidade de publicar, pero son conscientes das evidentes diferenzas (xeracionais, estético-literarias, temáticas...) presentes nos seus rexistros.

### 3. REXISTROS PÚBLICOS E OCULTOS<sup>10</sup>

As actividades do grupo Bilbao foron de natureza literaria, pois o propósito dalgúns membros era facer visible en e para a metrópole galega as súas publicacións. Formado inicialmente por poetas, o faladoiro do Bilbao foi creando as condicións axeitadas para organizar un mercado e uns espazos de exhibición do seu produto literario. Algo semellante xa ocorrera na metade do século cando César Arias, único membro de Brais Pinto que non publica, era o cumprido oficinista que convertía o resto en traballadores das letras (Acuña 2009).

3.1. A actividade principal foi a publicación duns cadernos de poesía, financiados polos autores, titulados O Roibén. A colección editouse baixo dous selos diferentes, primeiro «Río Xuvia» e despois —coincidindo co contacto cunha serie de alumnos de Filoloxía Románica, Eslava e Hispánicas— «Acef» (Asociación Celso Emilio Ferreiro).

Xavier Frías, coordinador da colección, explicábanos o nacemento destes cadernos:

O Roibén naceu para dar saída a publicacións porque, para parte de nós, o acceso ó mundo editorial galego é caro, sobre todo na poesía. A idea en principio é difundir os nosos propios traballos nun formato doado que é o caderno, é

<sup>9</sup> Entrevista mantida o 10/12/1999 e correspondencia electrónica posterior.

<sup>10</sup> Entendemos, con González Millán (2000: 142), que o rexistro oculto «recolle as formas discursivas (expresións, declaracións, xestos ou prácticas) que se lle ocultan ós poderes dominantes e, por estar dirixidas a outros receptores, sofren a impronta do poder de forma distinta a como o fan os rexistros públicos».

máis fácil de ler e de distribuír. Cara ó futuro temos proxectos de elaborar nós os cadernos<sup>11</sup>.

Estes son os dez títulos publicados ata o ano 2000, data límite da nosa disertación<sup>12</sup>, e nos que destacan a atención ás literaturas de fronteira e da emigración (poesía eonaviega, poesía asturiana, poesía galega en Madrid...):

- *Carreiros. Mostra de poesía da Terra Eo-Navia en lingua galega* de Adela Conde, Crisanto Veiguela e Xavier Frías (Río Xuvia edicións), 1998
- *Comercial. Poesía galega en Madrid* de Vicente Araguas, Fermín Bouza, Xavier Frías, Claudio Pato, José Manuel Outeiro, Manuel Pereira (Río Xuvia edicións), 1998
- *Todo morte* de Manuel Pereira Valcárcel (Río Xuvia edicións), 1998
- *Xeitos de falar. Mostra de poesía asturiana* de Berta Piñán, Humberto González, Alfonso Velázquez (Río Xuvia edicións), 1999
- *Xábregho. Escolma* de Carlos Solla (Río Xuvia edicións), 1999
- *Hidroemas* de Luis Luna e Óscar Curieses, (Acef), 2000
- *Onte chovía* de Rafael Yáñez (Acef), 2000
- *Azul e terra. Poesía eonaviega (1997-1999)* edición a cargo de Xavier Frías (acef), 2000
- *Alquimia soñada* de José Galán Ortega (Acef), 2000
- *Simbiose* de Susana González e Victoria Veiguela (Acef), 2000

Algunhas destas publicacións serían rexistros pouco factibles na metrópole galega pola escasa consideración que merecerían (en razón das súas propostas estéticas, da súa opción ortográfica e/ou das variedades sociais e xeográficas escollidas). Como xa indicamos, os poetas do grupo Bilbao son conscientes das particularidades. Velaquí a opinión de J. M. Outeiro<sup>13</sup>:

Penso que, ao termos publicado juntos, si pode haber un pouco de consciencia de grupo, aínda que eu non participo dela muito, pois como sabes nem sequer freqüente todas as reunións. Ademais eu considero-me apenas umha pessoa preocupada pola expressom literária e afeiçoado à literatura e à poesia, e nom me considero parte dum grupo junto com Vicente ou Fermim, que están afastados de mim tanto pola sua qualidade literária (de que eu careço) como pola sua presença no panorama literário galego ou pola geraçom a que pertencem. Mais próximos considerarei no seu dia, por várias razões, a Crisanto e a Cláudio, o pri-

<sup>11</sup> E así ocorrería en 2001 cando da edición se encargue Arte Tripharia.

<sup>12</sup> En 2001 verían a luz 5 títulos novos baixo o selo de acef: *Terras raras* de Carlos Solla, *A soidade dos números primos* de Covadonga D Lom Suárez, *Ignicións* de Luis Luna e Óscar Curieses, *Canto de Nedara* de Xavier Frías Conde, *Lembranzas e olvidos dun estraño* de Rafael Yáñez e *A vida sempre e sobretudo* de Crisanto Veiguela Martins. A produción editorial e a distribución pasará a ser realizada por Arte Tripharia, selo de Rudesindo Soutelo.



meiro pola modéstia coa que escribe e também pola evidente afinidade lingüística (normativa) e pola amizade que nos une, e o segundo por maior proximidade geracional e por algunhas confluências que observei com el nas conversas que mantivemos.

Dentro do grupo Bilbao cabe identificar, nestes primeiros anos, varios grupos subalternos marcados pola escolla ortográfica e/ou variante dialectal (reintegracionistas e/ou eonaviegos). Sobre a escolla dialectal eonaviega, máis subalterna có reintegracionismo no caso dalgún poeta, incidía Xavier Frías:

Persoalmente creo que somos parte da literatura galega e que dentro dela... O feito de que usemos o galego dialectal ou non, creo que é secundario. Si que entendo que, por razóns sociolóxicas, somos unha cousa á parte. En principio en Galicia ninguén está usando o galego dialectal, entre outras cousas porque o noso galego dialectal está moito máis marcado e porque pertencemos a outra comunidade autónoma distinta e iso dálle outro carácter. Non fai falta ser galego para escribir en galego.

O discurso literario das mulleres pertencentes ao grupo Bilbao non será considerado subalterno nesta periferia. Para Fermín Bouza as poetas novas, á parte da calidade, posúen «un espírito especial e rebelde, precioso no sonido».

Estas poetas farán de «zapadoras» (González 2005) ao prepararen o terreo para o desembarco das narradoras (Carme Blanco Ramos e Celia García) que xurdirán no grupo Bilbao e que non tiveran ocasión de publicar nos cadernos estritamente poéticos do grupo. Algunha vez se falara, nas tertulias sabatinas do Comercial, de crear unha colección de narrativa semellante á colección poética «O Roibén» e que se chamaría «Faladoiro» (Regueiro 2001).

A pesar de buscaren canles de visibilidade sen depender da metrópole galega, tamén nesta nacen coleccións poéticas cunhas características parecidas. As semellanzas entre a colección madrigalega «O Roibén» e «Letras de Cal» da A. C. Amaña foron estudadas en varias ocasións (Acuña 2000; Nogueira 2000 e Louzao 2006). As similitudes máis salientables (Acuña 2000: 530) eran que

(...) ámbalas dúas carecen de carácter lucrativo (cada autor paga o seu libro ou colaboran economicamente tódolos membros), a distribución é directa, moitas veces nos recitais e presentacións e unha pequena distribución nas librerías (no caso de O Roibén en librerías de Madrid, Santiago e Ourense, ademais de doazóns a bibliotecas e particulares)<sup>14</sup> e o prezo é coma o dos outros libros de peto.

Outra actividade, neste caso excepcional por aparecer un só número e con contadísimos exemplares, foi a reaparición en 1999 da mítica revista *Loia*. Su-

<sup>13</sup> Correspondencia postal mantida coa autora en marzo de 2000.

<sup>14</sup> Cadran O Roibén e Letras de Cal na difusión a través de *A Nosa Terra* de setembro a outubro de 1998.

cedeu nunha das tertulias do Comercial, cando Fermín Bouza repartiu uns poucos exemplares entre os asistentes, invitando despois a participar nunha segunda xeira da revista<sup>15</sup>.

No único número, de 16 páxinas, á parte dos colaboradores gráficos, hai colaboradores literarios responsables dos textos poéticos e en prosa. Algúns son tan descoñecidos e sorprendentes que levan a pensar que son ficticios, malia a información complementaria de carácter biográfico-profesional. Outros, en cambio, son ben reais (Manuel Pereira, Claudio Pato, Vicente Araguas, Reimundo Patiño, Lois Pereiro e o propio Fermín Bouza).

O feito de haber colaboradores completamente descoñecidos, unido á publicidade da enigmática publicación *A Balandra*, permítenos considerar a maioría dos poetas que aparecen en *Loia II* xeira como heterónimos. Estamos, pois, ante un rexistro carnavalizado ou disfrazado e cun afán de modernidade que nos aclara F. Bouza, o recreador de *Loia II*:

Tiña nostalgia de intentar facer algo máis insurxente e aglutinar a xente ó redor dunha folla. (...) a min gustárame respectar o que foi *Loia*, uns din A4 collidos por unha grampa, (...) para escribir os nosos poemas, os nosos ensaios, ou o que sexa (...). Agora cos ordenadores que lles podemos meter imaxes e xogar un pouco co deseño, moito mellor.

O proxecto dunha homenaxe a Inés Canosa, alma de Sargadelos en Madrid durante vinte e cinco anos (1975-2000), tomou corpo na tertulia do grupo Bilbao. A idea orixinaria —segundo M. Pereira— partiu de Xavier Frías:

Un día, de regreso de Sargadelos, no seu coche, comentoume a posibilidade de facer a homenaxe e a min pareceume ben. Falouse na tertulia e a todos nos entusiasinou e prestámonos a colaborar, tanto na creación como na imprescindible cotización económica. O prólogo escribino eu e despois Xavier engadiu cousas, debo dicir que moi ben feito, pois aporta aspectos interesantes e está moi ben homoxeneizado. E o título é un verso de Carballo Calero que lle gustaba moito a Rudesindo.

A homenaxe foi un libro colectivo titulado *Muller de doce sal*, e nel participaron persoas próximas a Inés Canosa en Galicia, Barcelona e Madrid. Ademais do merecido agradecemento a Inés Canosa, o libro serviu para que se agrupasen madrigalegos recoñecidos (algúns deles xa á marxe de calquera xuntanza, pero non da homenaxeada), como José Antonio Durán e César Arias; para que publicasen algúns madrigalegos, non asistentes ao Comercial, que editaran pero nunca co grupo Bilbao (Luís Carballal e José Escudero); e posibilitou que as na-

<sup>15</sup> Outro dos asistentes ao Comercial, o músico Rudesindo Soutelo, tamén pensaba colaborar no renacemento de *Loia*: «Pedi participar como compositor e concebi un proxecto de doze pezas curtas para homenaxear os meus amigos de letras, com a gaita de fole como instrumento expressivo. (...) A revista não foi adiante e publiquei os dois duos no Corpus Musicum Gallaeciae» (Soutelo, 2004: 35).

rradoras do grupo Bilbao (Celia García e Carme Blanco Ramos) gozasen coa impresión dos seus contos.

Outra actividade que non podemos deixar de mencionar é a antoloxía de poesía galega do século XX en Madrid, *En Tránsito*, publicada en 2001 pero iniciada o ano anterior. Como coordinadores de figuran Vicente Araguas e Manuel Pereira. En declaracións do segundo:

A idea saíu de Vicente, na tertulia, despois de ler a edición equivalente en Cataluña, feita por Xosé Lois García, *Alén do azul. Unha ducia de poetas galegos en Catalunya*, tamén no Castro, como sabes. Puxémonos a traballar e a facer a selección e decontado te incorporaches ti.

A diferenza da antoloxía catalá, os editores madrigalegos decidiron comezar no século XX con Celso Emilio Ferreiro e continuaron a antoloxía da poesía galega en Madrid con Xosé María Díaz Castro, Sabino Torres, Reimundo Patiño, Xosé Alexandre Cribeiro, Antonio Domínguez Rey, Fermín Bouza Álvarez, Vicente Araguas, César Antonio Molina, Manuel Pereira Valcárcel, Alfonso Armada, Claudio Pato, Xavier Frías Conde, Maite Dono, José Manuel Outeiro e Victoria Veiguela.

A colección de poesía *Hipocampo amigo*, iniciativa persoal e de enteira responsabilidade dun único membro do grupo Bilbao, Sabino Torres (animador, cincuenta anos antes en Pontevedra, da colección poética pirata Benito Soto) tamén deu os seus froitos poéticos madrileños.

Entre os títulos publicados ata o ano 2001 aparecen poemarios de madrigalegos<sup>16</sup> contemporáneos ou non do grupo Bilbao: *Cuaderno de Carmen* de Sabino Torres; *Anaco de amor a Rosalía* de Borobó; *Azúcares maduros*, anónimo con prólogo de Borobó; *Ondas do mar comigo* de Sabino Torres; *Musa alemá* de Celso Emilio Ferreiro e Antonio Blanco Freijeiro; *Xograría nova* de Sabino Torres; *Náufragos da elexía* de Pura Vázquez e *No leme das lembranzas* de Daniel Pino Vicente.

Hipocampo Amigo posibilitou, ademais, o coñecemento e difusión da poesía de Borobó. Este entregoulle ao editor pontevedrés pregos de cordel que Hipocampo Amigo elaborou (*A Galicia de ouro*, *O meiró dos limóns* e quizais algún máis)<sup>17</sup>.

A última actividade salientable son os recitais poéticos a cargo dos poetas novos e mais dos consagrados. Vicente Araguas (2000: 3) explica o número de espazos visitados polo grupo:

O circuío de recitais de Bilbao xira basicamente polo ámbito galego da comunidade madrileña: Ateneo, Sargadelos, Centro Gallego, Xuntanza Galega

<sup>16</sup> Aínda en 2003 publicará outro membro do grupo Bilbao, Manuel Pereira.

<sup>17</sup> Os dous amigos crearon tamén unha colección especial centrada en tres rolos do «Corpus Boroborum»: *Catoira sur le Ulla* (2001), *Tropiezos con el maestro Asorey* (2003) e *Vida breve de Andrés Muruais* (2005).

de Alcobendas, etc, pero tamén por eidos como o C[olexio] M[aior] Nuestra Señora de África (...), Círculo de Bellas Artes e así.

Coa marcha de determinadas persoas (estudantes e traballadores), os grupos de madrigalegos, tamén o grupo Bilbao, pasan por épocas de esmorecemento e con eles as súas actividades. Extraemos un fragmento do informe enviado, á autora, por Rafael Yáñez en 2007 e 2008:

Eu participo nas tertulias e en actos coma as presentacións de libros ou as publicacións do señor Frías. A época na que ti estiveche en Madrid foi moi prolífica sobre todo a nivel de grupo, penso que había unha boa conciencia de «galegos en Madrid», esa idea agora anda un pouco desdebuxada.

Como xa queda dito foise perdendo o traballar en grupo. Agora somos máis individualistas a excepción das estacións poéticas<sup>18</sup> que Vicente Araguas está a organizar na Casa de Galicia.

Aínda así, seguen a reunirse o último sábado de cada mes uns cantos madrigalegos no café Comercial sito na Glorieta Bilbao. Recentemente, durante a celebración das Letras Galegas de 2012, tivemos a ocasión de comprobar o re(coñecemento) do grupo Bilbao ao abeiro das actividades conmemorativas dos seus 15 anos. Na nosa impresión, o grupo está medrando grazas á aparición de novos espazos de sociabilidade (nomeadamente o Espazo das Linguas Ibéricas) e novos activadores culturais que transmiten a ilusión de sermos galegos en Madrid.

## CONCLUSIÓN

A pesar de non ter un carácter asociativo formal, nos membros do grupo Bilbao había a conciencia de traballar en equipo e identificáronse como «galegos en Madrid». Se nos anos 70 e 80 se loitou por existir e corporeizarse politicamente a través do asociacionismo (Lóstrego e Irmandade Galega), nos 90 é importante manterse nun mundo no que a ideoloxía deixou de ser o elemento vivificador da práctica política, quizais froito do desencanto dos anos anteriores.

Os novos e os vellos agrúpanse arredor do grupo Bilbao, ademais de pola defensa do idioma e da cultura galega, pola amizade persoal por enriba das diferenzas, pola recuperación do trato con persoas importantes para a cultura galega, polo oficio literario e polo seu papel de «gardadores» da cultura galega nun medio alleo. Trátase dunha arañeira de amizades que naceu inicialmente dun grupo poético ao que logo se foron unindo, progresivamente, dinamizadores culturais.

<sup>18</sup> Foron unha cita mensual coa poesía, tamén galega, na Casa de Galicia en Madrid entre 2006 e 2009. O coordinador destas veladas, Vicente Araguas, indicaba que nelas «hai variedade e calidade. Están entrando autores de todas as liñas poéticas con vixencia e, certamente, mulleres» (Balseiro, 2007: 179).

As actividades do grupo Bilbao foron case sempre públicas e, nas veces que se volveron carnavalizadas (*Loia II...*), non tiveron un afán disidente. Predominou, coma nos primeiros grupos madrigalegos, o labor editorial porque o labor de divulgación da cultura galega foi compartido coas institucións oficiais (Casa de Galicia, por exemplo).

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS CITADAS

- Acuña, A. (2000) «Poesía galega en Madrid: o grupo poético «Bilbao», en *Actas Congreso Internacional de Estudios Galegos*, A Coruña, Edición do Castro, pp. 515-532.
- Acuña, A. (2009) *Facer literatura galega en Madrid (1950-2000)*, Universidade de Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións.
- Araguas, V. (2000) «Bilbao», en *O Correo Galego*, revista das letras, 13 de xaneiro, pp. 2-3.
- Araguas, V. (2012) «O faladoiro galego do Comercial» en *Gallegos*, 16, pp. 92-97.
- Aróstegui, J. (2004) *La historia vivida. Sobre la historia del presente*. Madrid, Alianza.
- Balseiro, A. (2007) «Alquimia poética na Casa de Galicia», en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 10, pp. 179-181.
- Beramendi, J. (2007) *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, Xerais.
- Frías, X. (2007) «Poesía gallega contemporánea en Madrid: el Grupo Bilbao», en *Cuadernos del Ateneo de la Laguna*, nº 24, pp. 71-110.
- González, H. (2005) *Elas e o paraugas totalizador*, Vigo, Xerais.
- González-Millán, X. (2000) *Resistencia cultural e diferenza histórica. A experiencia da subalternidade*, Santiago, Sotelo Blanco.
- Louzao Outeiro, M. (2006) *Letras de Cal na produción poética galega dos 90*, A Coruña, Laiovento.
- Pereira, M. (1999) «Enma e Yolanda no Comercial», en *O Correo Galego*, 27 de abril, p. 4.
- Regueiro, N. (2001) «A transversal ponte intercultural do Grupo Bilbao», en *O Espello*, suplemento literario de *A Freita*, nº 8, pp. 26-29.
- Soutelo, R. (2004) «A minha música de Manuel María», en *A Nosa Terra*, nº 1142, 16-22 de setembro, p. 35.

